

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Solicitude do grupo municipal do PP»
Data	11 de novembro de 2019
Duración	Desde as 13:03 ata as 14:40 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión.

Sra. Presidenta: Bos días a todos e a todas. Logo da fin de semana vivida, resaca electoral para moitos de vós, os meus parabéns como Alcadesa para o grupo gañador, neste caso o Partido Socialista Obrero Español e parabéns en definitiva para todos porque eu creo que aínda que as eleccións se repitan moito, é un dereito obtido con moito sacrificio e aínda que sexamos chamados moitas veces ás urnas máis vale votar reiteradamente a non poder facelo. Repito os meus parabéns ao PSOE e quero tamén aproveitar o regreso de Verónica para facerllo extensivo de parte de Movemento Salceda a todo o PSOE.

Arrancamos con esta convocatoria de pleno extraordinario, unha convocatoria cuxo motivo é a solicitude de grupo municipal do PP, si ben é certo que tiñamos pensado celebrar este pleno extraordinario para levar á aprobación definitiva os puntos nos que viñamos traballando coma o ROM, o Regulamento de Honras e Distincións e a aprobación definitiva de un documento tan importante para o Concello como os Orzamentos 2019. O PP a través de unha petición solicitounos un pleno extraordinario e tiveron a ben agrupar nun todos os asunto, un por optimizar recursos non so económicos senón tamén administrativos, por iso figura o tipo de convocatoria do grupo do PP. Esta convocatoria ás 13:00 horas, se ben é certo que normalmente os plenos se establecen en horario de tarde, tiñamos xa concertada unha cita coa veciñanza da feira, co Centro Cultural e tampouco nos parecía de recibo facela a primeira hora desta mañá, precisamente porque acabamos de vivir unha xornada electoral.

A) PARTE RESOLUTIVA

Solicitude de inicio do procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do IBI.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0,

Abstencións: 0, Ausentes: 0



Sra. Presidenta: No pasado pleno ordinario o PP introduciu unha moción facendo esta solicitude, moción que foi rexeitada cando se propuxo a súa votación por urxencia e que a través dunha nova petición volvemos a traer a este pleno. O que solicitaban precisamente era o inicio do procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do IBI, onde se contemple a proposta dunha redución do tipo impositiva actual que é o 0,50 %, fixando o tipo impositivo nun 0,486%. O que fai esta alcaldía é precisamente introducir neste punto da orde do día a solicitude do inicio do procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do IBI, serán solicitados os informes pertinentes así coma os estudos que a avalen, repito, o que se trae nesta parte resolutiva é a solicitude da apertura do procedemento.

Sr. Núñez Troncoso: Bos días entendemos entón que tanto a Alcaldesa como o grupo de goberno van a propoñer ou están de acordo en que se inicie o procedemento.

Sra. Presidenta: Eu creo que fun clara pero repito, imos a iniciar o procedemento de modificación a apertura dun expediente, ese expediente incorporará os informes técnicos pertinentes máis os estudos que son precisos para tomar as decisións necesarias.

Sr. Núñez Troncoso: Os informes xa se puideron ter incorporado si houbera vontade ou interese en rebaixar o IBI e polo tanto que os veciños se acollan a un beneficio fiscal.

Este punto que imos a debater é consecuencia de que tanto a alcaldesa como o grupo de goberno rexeitaran a urxencia da moción que presentamos no pleno do 25 de outubro, moción que se presentou tras a alcaldesa solicitar no mes de xuño deste ano a aplicación do coeficiente, neste caso dun 3%, coeficiente que se aplica sobre o valor catastral o que implica que para o ano 2020 o recibo do IBI se incrementa un 3%. É necesario recordar que desde o 2011 o IBI sufriu un incremento dun 38% do 2011 o 2019. Ante o rexeitamento da moción ao noso grupo non lle quedou outra que solicitar como grupo maioritario, e así nolo permite a normativa, solicitar un pleno extraordinario o 28 de outubro, estamos o día 11 neste pleno, xa se puido ter celebrado antes se houbera vontade política de rebaixar o IBI aos veciños, pero o máis lamentable é que se incremente aos veciños un 3% o IBI para o 2020. Se supón que o incremento será derivado ca situación económica non é bollante, como din algúns medios, entón, que se propoña incrementar un 3% o recibo de IBI e por outra banda o goberno incremente o custe salarial, o custe total, dende o 31 de decembro do 2018 ata a data un 33%...o máis normal si se lle aplica o incremento aos impostos sería que o custe salarial do goberno baixara, pero non, aquí todo ao revés, incrementamos o custe salarial e o van a pagar os veciños.

Lembremos que o custe salarial do goberno dentro do segmento de concellos coma o noso, tanto en orzamento como en poboación, é o primeiro en toda Galicia que ten

este custe salarial tan alto 254.000 euros. Nós insistimos no que propuxemos no pleno, que é que se inicie o procedemento para rebaixar un 3% na mesma porcentaxe que sube o valor catastral, rebaixar un 3% o que é o tipo de gravame, pasar do 0,50 o 0,486%. Queremos lembrar tamén a posición do PSOE respecto da última modificación que se fixo do IBI, que foi nun pleno celebrado en novembro de 2015 no cal apoiou a solicitude deste grupo, do grupo PP, de rebaixar o IBI do 0,53 o 0,50. No seu día plantexouse esa proposta porque tamén o anterior alcalde solicitara ao catastro a aplicación do incremento do coeficiente nun 3%, polo tanto nós propuxemos rebaixar o tipo para compensar ese incremento que ía haber nos recibos tanto do ano 2017 como anos sucesivos. Esta petición que fixo o anterior alcalde e o que fixo a actual alcaldesa, o mesmo, non é que sexa unha obriga do ministerio porque é opcional, a aplicación dos coeficientes é opcional e é a Alcaldesa quen decide aplicar ese coeficiente ou non, de feito, na firma o que se solicita é a aplicación dos coeficientes aos valores catastrais. O artigo 32.2 da Lei do Catastro inmobiliario di: “Los ayuntamientos podrán solicitar la aplicación de los coeficientes”, poderán, e de feito o anterior alcalde como dicía antes solicitou tanto para o 2017 como para o 2018 e non viu conveniente nos solicitalo para o 2019. Nós o que propoñemos e iso, é unha pena que non se acordara antes, que non houbera vontade de contemplar esta proposta que nós fixemos para que os veciños non vexan incrementados os recibos de IBI.

Dixen antes que no 2015 o PSOE si apoiou esa rebaixa do tipo, porque tamén houbo un incremento nos coeficientes, o mesmo que pasa agora, a situación é a mesma, solicitouae un incremento de coeficientes e nós estamos solicitando unha rebaixa do tipo para que non repercuta no recibo de IBI.

Sr. Rodríguez Canosa: En primeiro lugar quería sumarme á Alcaldesa felicitando ao PSOE polos resultados acadados onte nas urnas, e quero aproveitar tamén para darlle a benvinda de novo á compañeira Verónica, alegrámonos que xa estea por aquí. Respecto da solicitude de inicio do procedemento de modificación da ordenanza fiscal do IBI, dende Movemento Salceda estamos a favor de iniciar o expediente, non temos ningún problema con iso, e solicitaranse os informes oportunos. Todo o que falades de que podía haber sido xa para o 2020, para o ano que ben, que xa podíamos ter os informes técnicos, tamén vos puidestes ter presentado antes a solicitude para a modificación do IBI, igual estades demasiado ocupados con campañas ou con outros asuntos. Sabedes de sobra que agora non da tempo para que se aplique no 2020 e polo tanto o das presas non ten sentido. Repito, dende Movemento Salceda estamos a favor de iniciar o expediente para a modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do IBI e así o faremos.

Sra. Tourón Domínguez: Bo día a todos e a todas, en primeiro lugar grazas polas felicitacións e con respecto ao grupo PSOE nós imos apoiar que se inicie o procedemento como non podía ser doutra forma. Dicir, e vou apoiar ao portavoz de Movemento Salceda, é verdade que agora mesmo presentando unha moción o 25 de

outubro xa sabíades de sobra que non ía dar tempo a que se inicie e se lle aplique aos cidadáns no mes de xaneiro a modificación da ordenanza. No mes de agosto houbo un pleno ordinario no que se puido traer tamén se esta era a prioridade do PP. É verdade que o mes de agosto é época estival e ás veces non se fai tanto coma noutras épocas, pero se puido facer e sábese que non é a primeira vez que se fai o mesmo. Se se trae no mes de outubro non da tempo como ben dicía o compañeiro do PP Joaquín. En canto o pleno, se se celebra o día 11 de outubro ou se celebra noutra data, dende que o solicitou o grupo do Partido Popular simplemente dicir que este pleno extraordinario estase celebrando dentro das datas que marca a lei, polo demais o PSOE vai apoiar que se inicie o procedemento e que se pidan todos os informes necesarios para levar a cabo esta solicitude que fai o PP.

Sr. Núñez Troncoso: Quero contestarlle tanto ao señor Alejandro como a señora Verónica. Señor Alejandro, que diga vostede que non houbo tempo ou que se houbera presentado antes a moción cando rexeitaron a moción fai 14 días...se tiveran vontade houberan aprobado a moción e se houbera iniciado o procedemento, non me veña agora con esas, dígame calquera cousa pero non esa. Vontade política non hai cando se solicitou a aplicación dos coeficientes mentindo neste pleno, no pleno do mes de agosto, dicindo que non se solicitara ningún incremento do IBI e doutros impostos e taxas e isto non é certo, porque xa estaba solicitado. Esa solicitude que se fixo en xullo implicaba un aumento do IBI do 3% e a nós se nos dixo no pleno de agosto que non ía haber ningún incremento nin en taxas nin impostos.

Quero lembrar que no 2011 o incremento que houbera do IBI do 0,47 o 0,53 aprobouse nun pleno o 11 de novembro do 2011 a aprobación inicial, lembro que no 2015 aquí se fixo un informe exprés en media hora, houbo un receso e en media hora se fixo o informe de intervención, e hai informes de intervención de sobra que falan sobre a rebaixa do tipo. O que hai que xestionar é ben o orzamento, os informes o que veñen a dicir e que ou ben se xeran ingresos noutras partidas ou se minoran gastos noutras, iso é o que veñen a dicir os informes que hai, hai tropecentos mil informes ao respecto diso, polo tanto non me veña vostede coa cuestión do tempo porque se houbera vontade hai tempo de sobra. Xa sabemos que agora mesmo, na data actual non da tempo a entrar en vigor para o 2020, pero non será porque este grupo non quixera, vostedes non quixeron e vólvolle a repetir o que dixen antes, se non tiñan interese en incrementar o IBI, non houberan solicitado a aplicación do coeficiente, o que pasa e que agora vemos o inicio e aceptamos o inicio do procedemento, xa veremos si se aproba ou non se aproba pero para o 2021 claro, porque para o 2020 non vai a ser efectivo. Si vai ser efectiva a subida que vostedes solicitaron, polo tanto a escusa do tempo tanto de Movemento Salceda como do PSOE non é válida. Seguimos apoiando a rebaixa do tipo nun 3% (do 0,50 ao 0,486).

VOTACIÓN: Pola Sra. Presidenta sométese a votación a solicitude de inicio do procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº21 reguladora do IBI, resultando ser aprobada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes na

sesión.

Expediente 2110/2019. Aprobación definitiva do orzamento municipal para o exercicio 2019.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Bo dia a todos. Transcorridos os 15 días hábiles dende a publicación no BOPO dos orzamentos, recibíronse alegacións do PP, de CCOO, dos delegados sindicais do Concello e do CSIF. O artigo 170 da Lei de Facendas Locais taxa os motivos polos que se poden formular reclamacións contra os orzamentos, e estes son que a tramitación non se axustara ao procedemento, a omisión de crédito necesario para cumprir determinadas obrigas ou a insuficiencia de ingresos, informadas as 4 reclamacións pola intervención municipal acordamos desestimar todas elas.

Empezamos polas alegacións do PP, no que se refire á insuficiencia de gastos en determinadas partidas, lémbrale a interventora municipal que no expediente do orzamento existe un informe económico financeiro que avala que os importes consignados nas diferentes aplicacións son suficientes para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos do funcionamento dos servizos. En canto á insuficiencia de crédito lémbrales tamén que o crédito se verifica a nivel de vinculación e que en termos xerais si existe crédito suficiente e o orzamento está equilibrado. Por último respecto das propostas de incremento e diminución de determinadas partidas, ben sabe o PP que esas propostas non son motivo de alegación ao orzamento, o reparto do crédito entre as distintas áreas de gasto é unha facultade de quen conforma o orzamento que neste caso é a Alcaldesa e o equipo de goberno.

En canto as alegacións por parte dos Sindicatos, tanto dos dous grupos como dos tres representantes sindicais xa que as tres son as mesmas, valorámolas conxuntamente, a alegación principal que é o grave incumprimento de procedemento de negociación colectiva non cabe aceptalo porque sinxelamente é falso, a mesa de negociación convocouse e celebrouse en tempo e forma, proba diso é que todos os escritos de reclamación neste sentido falan da mesa de negociación celebrada o 19 de setembro, que o resultado da mesa non sexa o que lles gustase ou que non se alcanzasen os acordos esperados non é motivo de alegación ou non quere dicir que se saltase o procedemento. Polo que respecta á falta de crédito en determinadas partidas, volvemos a remitirnos o informe económico financeiro que figura no expediente e que avala que o crédito é suficiente. Por último, fan referencia nas súas alegacións a certas incoherencias e falsidades ou como se queira chamar, di a interventora no seu



informe que incoherencias nin falsidades non son motivo de alegación, aínda que ben é certo que en termos xerais o vocabulario empregado en todas estas alegacións é pouco formal. En resumo estas son as causas polas que, avalados polo informe de intervención, se desestiman as catro alegacións presentadas.

Sr. Núñez Troncoso: Eu creo que o tema dos orzamentos non merece unha breve explicación, eu creo que os veciños merecen unha explicación axeitada e o máis clara posible e o máis desgranado posible, estamos falando dun documento moi importante para o Concello, o que é curioso é que sexa este grupo quen solicite un pleno extraordinario e se vai a falar do orzamento, canto menos é curioso, para que teña efecto un mes. Falaba a señora concelleira de facenda sobre o informe de vinculación, hai 22 bolsas de vinculación neste orzamento, 22 bolsas, vostede imaxínese presentar un orzamento coas 22 bolsas de vinculación, eu creo que se trata de presentar un orzamento o máis desglosado posible para saber o custe que ten o servizo e o que se gasta en determinados servizos. Cincocentas trece partidas conforman este orzamento pero a propia base de execución xa fala na súa base cuarta que recolle: *“a vinculación determinarase a nivel de gasto e clasificación por programas e capítulos de clasificación económica”* e a base 16 dí que o obxectivo do sistema de xestión orzamentaria é determinar o custe dos rendementos e servizos e iso xa o pon a propia base de execución. Póñolle un exemplo, a área 3 de gastos por programas fala de sanidade, educación e clasificación económica que é gasto corrente, este orzamento onde contempla 674.000 mil euros, sería interesante saber o que se gasta en reparamento, conservación, o que se gasta en combustible, vestuario ou o gasto corrente desta área. Da conta de actividades culturais e deportivas que no orzamento do 2016 que é o que está en vigor, por agora prorrogado, contempla 27.000 mil euros para gasto e hai comprometidos 10.000 mil euros, é dicir quedaron sen gastar 17.000 mil euros en actividades culturais e deportivas, pero temos un remanente en negativo nesta área de publicidade e propaganda e gastos protocolarios en 4.500 euros, e dicir, deixamos de gastar en actividade cultural e deportiva pero si o gastamos de máis en exceso en publicidade e propaganda e gastos protocolarios e na mesma liña vai o avance da liquidación do 2019.

A oportunidade política que vostede di, non é oportunidade política, eu creo que é vontade política, totalmente vontade política, gastar máis en actividades culturais e deportivas e menos en publicidade e propaganda. Outra partida, o servizo de axuda no fogar, aquí é necesario lembrar a nota de prensa cuxo titular *“Salceda incrementa en 200.000 mil euros el presuposto para axuda a domicilio”* e nos di a propia nota, *“segundo o goberno local o servizo de axuda a domicilio garante a cobertura das horas de servizo”*, as horas de servizo poderán estar garantidas pero o pago á empresa non está garantido, de feito con este orzamento farían falta 254.000 mil euros a máis e isto o veremos cando veña o próximo recoñecemento extraxudicial de crédito. Esta nota que se envía á prensa para ser suaves, cando menos, non é correcta, 254.000 mil euros a maiores farían falta para cubrir o servizo. O mesmo ocorre coa partida de



SOGAMA recollida do lixo, pois seguramente teremos un recoñecemento extraxudicial de 106.000 mil euros, ou de axuda o fogar de 254.000 euros, ou de enerxía eléctrica e instalacións deportivas de 121.000 mil euros ou por aí andará, Tendo en conta a liquidación do orzamento do 2018 e tendo en conta o recoñecemento extraxudicial do 2019 pois creo que as cantidades van andar por aí. Limpezas en instalacións deportivas pois tamén 17.000 euros que nos farían falta, limpeza neste propio edificio tamén 6.600 euros, e dicir, que este orzamento ao final pois é o que é, e non vai cumprir realmente cos gastos que xera o propio funcionamento do Concello.

Seguindo coa reclamación que presentou este grupo, nós propoñemos minorar unha serie de gastos que se poden minorar e hai marxe pa minorar, 90.000 euros o custe de goberno en vez de baixar un 35%, 25.000 mil euros en gastos xurídicos, gastos que se pagan destinados a non sei se chamarlle defensa ou non, pero o final son xuízos que hai contra os veciños por temas urbanísticos, como a última dos 25 metros cadrados, 4.000 euros que tivo que pagar por ter a idea de recorrer ao Tribunal Supremo, 4.000 euros. Tamén figuran 3.000 euros en gastos protocolarios, 40.000 euros en publicidade e propaganda que se poden minorar, lembren que temos un orzamento que na partida de gastos protocolarios e publicidade e propaganda superan en todas as partidas máis de 100.000 euros. Pedimos tamén que se de cumprimento ao recoñecemento da Consellería de Facenda respecto aos acordos de non dispoñibilidade, varios requirimentos que xa houbo, un respecto do 4º trimestre do 2018, outro respecto do 2º trimestre de 2018. Respecto aos acordos da elaboración dun plan económico financeiro, non estamos de acordo en que se reduzan as partidas de educación en máis de 80.000 euros con respecto o orzamento do 2016, pasamos de 223.000 euros a 143.000 euros. No anexo de subvencións se seguen mantendo os mesmos importes do 2016, exactamente os mesmos, tanto para deportes como para cultura, para benestar social e promoción educativa.

Respecto ao anexo de investimentos segue figurando o mesmo, unha serie de partidas pero a día de hoxe aínda ninguén nos dixo a que obra en concreto se refiren esas partidas que aí veñen reflectidas. Quero lembrar por último, para ir rematando, a posición do PSOE respecto do último orzamento aprobado do 2016, onde dicía que no caso das partidas de servizos sociais se xustificaran con informes dos técnicos/as do servizo que o crédito era suficiente para cubrir as necesidades vixentes, nin temos ese informe no orzamento e como acabamos de dicir a partida para axuda no fogar é insuficiente. Faríanos falta, como dixemos antes, 254.000 euros, este era o voto do PP que presentou o PSOE no ano 2016 con respecto ao orzamento do 2016. Tamén dicía, vista situación económica do Concello, que se reduza o 75 % das partidas de atencións protocolarias e publicidade, naquela partida eran 20.000 euros e xa plantexaba a redución dun 25% pero agora son 100.000 euros, máis de 100.000 euros e se segue apoiando este orzamento, polo tanto loxicamente nós queremos que se manteña nesta reclamacións que plantexamos.

Sra. Tourón Domínguez: En primeiro lugar apoiar o que comentaba a Alcaldesa, non é que se pase cos orzamentos aquí sen debater, nin que pasemos de puntillas por eles, nin que non se debata, é verdade que se debateron nunha comisión, nun pleno celebrado con tal fin e agora xa estamos no proceso de aprobación definitiva, polo cal non é que non fora debatido suficientemente, o que si non podemos estar é pleno tras pleno repetindo as mesmas cousas. Dito isto, o informe de intervención avala a desestimación tal e como dixo a compañeira de facenda, avala a desestimación de todas as alegacións que se presentaron, eu creo que o PP e sobre todo Joaquín e o propio portavoz, pois levan moitos anos na oposición presentando alegacións aos orzamentos, deberían saber cales son as que teñen cabida e cales non, despois de tanto tempo e sabendo, ou parece que se sabe, tanto de orzamentos, entendo que o compañeiro do PP, Joaquín, debe saber que na situación de non ter aprobado un orzamento dende o 2016, cousa allea como vostede ben sabe ao PSOE, sabe que hai que acomodar ou axustar nos orzamentos aprobados este ano ás condicións actuais. O compañeiro Joaquín, se sabe tanto de orzamentos como parece ou como quere facer ver, pois debería saber iso tamén e sabería que non se poden facer os orzamentos que quixeramos así porque así nin Movemento Salceda nin por suposto o PSOE.

En canto ao tema de educación, a verdade e que a min faime ata graza, eu creo que lle debo recordar ao PP para que lle diga a Xunta aínda, non sei se teñen boa relación ou non teñen pero como mínimo eu non mirei ningún escrito do PP de Salceda reclamándolle á Xunta de Galicia as instalacións necesarias, que necesita Salceda, para os nosos fillos e fillas, e seguimos esperando un comedor escolar, seguimos esperando un colexio de primaria decente, seguimos esperando que se cubran por parte da Xunta de Galicia, que é a que ten as competencias en educación, as necesidades do IES Pedras Rubias, etc...Por certo, reclamacións que o PSOE fixo estando na oposición e que volveu a facer estando agora no goberno, eu creo que como lle dixen xa en algunha ocasión, cando un pretende gobernar un Concello o mínimo e o primeiro que debe facer é demostrar que na oposición é capaz de facer o seu traballo e cando ten, como é o caso actual, un goberno da Xunta con competencias en educación, pois que eses servizos básicos mínimo sexan reclamados, despois o presidente da Xunta de Galicia faralle caso ou non, pero polo menos que queden reclamados ou presenten por escrito. Por certo, o Orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2020, Salceda cero euros, cero euros en Educación, cero euros en Sanidade, cero euros en todo. Pediría que non volvades ao mesmo, na memoria do orzamento da Xunta aparece cero euros, a min gustaríame ter máis de 80.000 euros en educación e un montón de cousas pero hai que acomodar a situación actual.

Creo que foi máis que debatido o orzamento, si é verdade que non estiven no último pleno pero sei que pasou por comisión e pasou por pleno, polo demais eu voto de menos que o PP que dende o 2016 para acá, ao igual que nós apoiamos como ben dicía o compañeiro Joaquín algunhas cousas sobre orzamentos, polo menos tivese aquilo o mínimo de dicir que algo cambiou, porque dende o 2016 non temos



orxamentos e nos primeiros 4 meses de mandato temos os orxamentos na aprobación definitiva.

Sra. Pereira González: Por unha banda se está facendo referencia á insuficiencia de gastos en determinadas partidas, por outra banda acaban de propoñer unha redución de ingresos, hai algo que non acabo de entender, o que me parece a min e que facer populismo é moi fácil e en canto aos hipotéticos repartos que pretende facer o concelleiro Joaquín polas distintas partidas do orzamento, insistirle en que o reparto é unha competencia do goberno e que os motivos de alegación están taxados e foron desestimados. Pode seguir dándolle as voltas que queira pero non hai. Despois o que comentaba a compañeira Verónica, espero que sexan tan dilixentes avaliando o orzamento da Xunta como son co de Salceda, e velen aí polos intereses dos veciños de Salceda.

Sra. Presidenta: Menos mal que sei que houbo parte deste pleno que me entendeu, estes puntos foron todos debatidos, este goberno sabe cal é a importancia e dámoslle o rigor e a seriedade a cada un destes puntos, pero hai quen intenta, como Joaquín, darlle a volta á realidade. Repito, fixemos un tremendo esforzo en pouco máis de catro meses por traer un orzamento a este pleno e por traer dous regulamentos importantes, se ve que non é valorado ese esforzo por parte do PP, pero o que quero que quede claro é que todos estes puntos discutíronse, faláronse e debatéronse non só nun pleno, senón tamén en comisión informativa. Trata de facer entender que non lle damos importancia ao orzamento, confunde ou intenta confundir á veciñanza, non é así porque ademais hai actas que recollen precisamente o debate destes documentos. Unha quenda máis por alusións, sexa breve señor Joaquín porque como dixen estes puntos foron xa debatidos.

Sr. Núñez Troncoso: Parece que da a entender a señora Alcadesa que non quere que os veciños teñan toda a información posible. Vou a contestar por orden ao PSOE, vostede falou de todo aquí menos do orzamento, falou da xunta falou de non sei que pero aquí estamos falando do orzamento, diso non falou nada, do que vostedes dicían antes, o que fan agora non dixo nada, antes facía falta un informe dos servizos sociais para ver se a partida que había era suficiente, diso non dixo nada, o que se dicía antes agora xa non vale, falaba de reducir as partidas do gastos protocolarios do 75% ,antes eran 20.000 euros agora son 100.000 euros. Fala da Xunta e de Educación, xa se falará no parlamento galego a quen corresponda non a nós, nós estamos falando do orzamento municipal e se ve claramente a coherencia que teñen vostedes de fai nove meses a agora. Nós non miramos por ningún lado o informe de intervención onde nos diga que a reclamación que presentamos non está axeitada ao que din as leis de facendas locais, o artigo 170, si que ten cabida a reclamación que presentamos e como ben di a interventora, unha oportunidade política, eu non digo oportunidade política eu digo interese político en consignar a cada partida o que realmente habería que consignar e non ter a barbaridade que temos do custe en salarios, o número un de Galicia, estamos en cabeza do custe de salario, diso non



falamos nada, sae pola tanxente de educación, da Xunta, pero xa habera quen teña que debater iso, nos foros pertinentes, non aquí.

Señora portavoz do PSOE, intenta xustificar o inxustificable, porque lembre que votaron en contra do custe de goberno que había na anterior corporación, agora se incrementou un 33 %, antes era menos é votamos en contra, agora se incrementou un 33% e votan a favor, certa incoherencia hai, ou bastante, algo cambiou e tanto que cambiou, cambiou moito, o que antes era negro pois agora e branco e así é como vostedes están facendo, así hai a opinión que teñen os veciños e eu tamén como veciño, me repugnan certas decisións que se toman, que toman os políticos. Os políticos ás veces teñen que ter coidado cando se di unha cousa manter esa cousa, así están os veciños, con perdón, ata a coronilla dos políticos. Xa sei que a señora Alcadesa non lle gusta este comentario pero é a realidade, é o que está na boca de todos os veciños. Decía a concelleira de Facenda sobre o populismo, mira que decir que nós facemos populismo, o mesmo que dixo a portavoz do PSOE, falou de todo menos do orzamento e dicía vostede do esforzo, o esforzo fáiselle aos veciños incrementando o IBI.

Sra. Tourón Domínguez: Non é falar dos orzamentos de Salceda ou dos orzamentos da Xunta, dos orzamentos de Salceda xa se falou, nas comisións, no pleno e agora estamos no debate final para a aprobación definitiva. Por certo, de que xa falarán de educación no parlamento de Galicia, lémbrolle que as únicas tres ou catro veces que se falou da Educación en Salceda no Parlamento de Galicia foi porque este grupo do PSOE levou o tema de educación ao Parlamento de Galicia e en ningún momento porque o PP de Salceda levantase o teléfono ou fixese un escrito pedindo que se falase de educación no parlamento de Galicia. Se algunha vez o facedes eu me ofrezco para acompañarvos e escoitar o debate de educación na Xunta de Galicia.

En canto a que se sabemos ou non sabemos se se fan as alegacións, intervención non di no seu informe se proceden ou non proceden, vou a lerlle un solo párrafo dese informe: *“nestas alegacións do PP propónse un incremento da dotación de diversas partidas así como a redución de outras ditas reclamacións non se engloban en ningún dos supostos do artigo 170.2 do Texto de refundido da Lei. Lémbrese que a distribución de crédito entre as distintas partidas e que dentro dos límites marcados polas normas legais e regulamentariamente aplicadas responde o criterio de oportunidade política pero non se engloban dentro das valoracións establecidas no artigo 170.2”*. Sabemos de sobra Joaquín ou deberías sabelo despois de tantos anos na oposición e defendendo os orzamentos, os orzamentos hai que axustalos á situación actual do Concello para poder pagar, etc... Volvo a repetir, igual que dices que o goberno é o mesmo, que o goberno non cambiou nada, que por favor digades, xa non digo felicitar pero polo menos que asumades que nos primeiros catro meses de mandato temos orzamentos despois de case catro anos.

Sra. Presidenta: Paso a ler a proposta de aprobación inicial:

“Aprobado en sesión extraordinaria do pleno de 24.09.2019 o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2019, así como as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Publicado anuncio de aprobación inicial no BOPPO núm. 190 de data 03.10.2019.

Presentadas en tempo e forma as seguintes reclamacións ao orzamento:

NÚM.	REXISTRO	DATA	REXISTRO
PRESENTADOR			
2019-E-RE-1485	23/10/2019	SANTIAGO RODRIGUEZ DAVILA	
2019-E-RC-4909	21/10/2019	JOSE CARLOS MARTINEZ RODRIGUEZ	
2019-E-RC-4866	18/10/2019	DELEGADOS SINDICAIS DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	
2019-R-RC-4867	18/10/2019	JERONIMO FERNANDEZ VICENTE	

Visto o Informe de Intervención núm. ETV 3/19 de data 30 de outubro sobre a as reclamacións presentadas.

Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. ETV 3/19, as alegacións presentadas por:

SANTIAGO RODRIGUEZ DAVILA
JOSE CARLOS MARTINEZ RODRIGUEZ
DELEGADOS SINDICAIS DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS
JERONIMO FERNANDEZ VICENTE

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS			
EXERCICIO 2019			
CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS

G1- Gastos de persoal	1.499.797,35	11- Impostos directos	1.477.500,00
G2- Gastos en bens e servizos	2.723.849,80	12- Impostos indirectos	40.000,00
G3- Gastos financeiros	6.052,06	13- Tasas y otros ingresos	592.240,00
G4- Transferencias correntes	168.583,97	14- Transferencias correntes	2.696.500,00
G5- Fondo de continxencia	0,00	15- Ingresos patrimoniais	3.000,00
G6- Inversións reais	313.835,38	16- Alleamento de inversión reais	0,00
G7- Transferencias de capital	0,00	17- Transferencias de capital	0,00
G8- Activos financeiros	0,00	18- Activos financeiros	0,00
G9- Pasivos financeiros	97.121,44	19- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	4.809.240,00	TOTAL INGRESOS	4.809.240,00

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. ETV 3/19, as alegacións presentadas por:

SANTIAGO RODRIGUEZ DAVILA
JOSE CARLOS MARTINEZ RODRIGUEZ
DELEGADOS SINDICAIS DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS
JERONIMO FERNANDEZ VICENTE

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS			
EXERCICIO			
2019			

CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	1.499.797,35	1- Impostos directos	1.477.500,00
G2- Gastos en bens e servizos	2.723.849,80	12- Impostos indirectos	40.000,00
G3- Gastos financeiros	6.052,06	13- Taxas e outros ingresos	592.240,00
G4- Transferencias correntes	168.583,97	14- Transferencias correntes	2.696.500,00
G5- Fondo de continxencia	0,00	15- Ingresos patrimoniais	3.000,00
G6- Inversións reais	313.835,38	16- Alleamento de inversión reais	0,00
G7- Transferencias de capital	0,00	17- Transferencias de capital	0,00
G8- Activos financeiros	0,00	18- Activos financeiros	0,00
G9- Pasivos financeiros	97.121,44	19- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	4.809.240,00	TOTAL INGRESOS	4.809.240,00

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

Expediente 1866/2019. Aprobación definitiva do Regulamento Orgánico Municipal.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: O Regulamento Orgánico Municipal xa se aprobou e debateu. Aprobouse inicialmente o 30 de agosto deste ano, no pleno ordinario do mes de agosto, alí xa se debateu e estivo en exposición pública dende o 9 de setembro por 30 días hábiles, a raíz de aí presentáronse alegacións por parte do grupo municipal do PP e por parte de Xosé Manuel Suárez Estévez, e estas alegacións xa pasaron por comisión informativa, onde tamén se debateron e de onde saíu un ditame favorable.

Respecto ás alegacións xa se debateu un pouco e no informe de secretaría 1866/2019 xa se indica que as alegacións presentadas non son aceptadas, serán rexeitadas. En canto ás alegacións presentadas por Santiago Rodríguez Davila como portavoz do grupo municipal do PP en data 17 de outubro, por unha banda pediades que a hora establecida para sesións ordinarias, como xa se debateu na aprobación inicial que a hora establecida en sesións extraordinarias non se inclúe porque, outras veces como hoxe, non se pode realizar o pleno pola tarde e tense que realizar a outra hora. Tamén solicitabades a modificación do artigo 43.6 que era de aumentar os rogos de 6 a 10 e no informe de secretaría ven claramente, indica que esta alegación carece de contido xurídico é o que é de oportunidade política e tamén volvo a recordar que na primeira comisión informativa de antes da aprobación inicial do mes de agosto, xa se modificou este número de rogos, inicialmente presentábanse 4 e este número elevouse ata 6 para os grupos políticos que teñan máis de catro concelleiros como pode ser o PP, polo que o número de rogos será un rogo por integrante do grupo ou



por concelleiro/a. Tamén o PP solicitaba que o artigo 43.7 se modificase e que se establecera un prazo de quince días para responder ás preguntas, algo que tamén xa pasou por comisión informativa e xa na primeira comisión informativa do mes de agosto se baixou o tempo de resposta de 2 meses a 1 mes, polo tanto moitas das alegacións que fixo o PP, unhas dez en total xa se tiveron en conta e xa se engadiron a este regulamento orgánico municipal e outras non se incluíron e se deixan como estaban.

Por outro lado hai outras alegacións de Xosé Manuel Suárez Estévez, que entraron en data 21 de outubro de 2019. O informe de secretaría establece que estas alegacións dende un punto de vista xurídico non procede a súa estimación polo que van ser rexeitadas porque incumpren a normativa actual. Respecto á alegación que pide a eliminación do paragrafo do consello veciñal, xa se indicou que a participación veciñal tanto no pleno como na vida política en Salceda de Caselas vai ser regulada pola creación do Consello de participación veciñal, por certo quería recordarlle o PP que nos pediron que se cree o regulamento de consello de participación cidadá cando a concelleira da área está de baixa non foi de moita educación.

Creo que hoxe é un día histórico, xa que por primeira vez nos 40 anos de democracia en Salceda vai estar regulado o funcionamento do pleno, e digo regulado e non digo limitado. Trátase de regular o pleno, de regular a vida política e que o pleno non se converta nunha monotonía, como por exemplo pasou nos puntos anteriores co compañeiro Joaquín, que o único que se dedica é a facer un discurso político en vez de aportar e debater o punto sobre o que estamos debatendo. É un Regulamento Orgánico Municipal de toda a corporación, aquí neste documento que vai a aprobación definitiva xa hai aportacións do PP e xa hai aportacións de toda a corporación, non só goberno, polo tanto resaltar que é un regulamento de toda a corporación para todo o Concello non para estes catro anos, é un regulamento que esperamos que dure moitos anos e que nós acataremos agora no goberno e acataremos se temos que estar na oposición.

Sr. Rodríguez Davila: Bos días. Claro que van a limitar, cando un regula limita, cando a un lle impiden expresarse, limita. Iso non significa que poidamos estar de acordo en parte deste regulamento, se tiveran a ben regulalo dunha forma amplía, no sentido de que poida este grupo maioritario da corporación, así coma os que poida haber no futuro na oposición, facer a súa función, sobre todo nas cuestións importantes como é trasladar ao pleno a través dos rogos, das mocións ou das preguntas. Cando un goberno non ten medo de que se lle pregunte, que necesidade hai de limitar o número de preguntas? Quero recordar que o copia e pega do regulamento que traen a este Concello, é dicir, o copia e pega do regulamento que está en vigor no Concello que vostedes copiaron, non limita o número de preguntas, alí non limitan o número de preguntas, é indefinido e aquí os demócratas, os pacifistas, os que queren participar da vida do pobo, resulta que limitan vostedes a sete preguntas. Nós como demócratas que somos imos a acatar o regulamento, o único que imos a pedir e que non se interrompan as nosas intervencións, porque o Sr. Alejandro falta á verdade, o

Sr. Joaquín case cumpriu estrictamente o regulamento, que a partir da publicación vai estar en aplicación neste pleno, vostede fala sen contabilizar o tempo que falou.

Por primeira vez, en 40 anos, vostedes van ser os que van a limitar a participación dos grupos políticos, e non digo que estea mal, pois é verdade que todos en algún momento falamos de cuestións ou nos enredamos en cousas que non teñen que ver co tema a tratar, niso estamos de acordo, pero o tema das mocións, o tema das preguntas...cos tempos podemos estar de acordo pero coas sete preguntas non. Non poder preguntar máis que unha pregunta por concelleiro/a deste grupo é lamentable, non é o regulamento de toda a corporación, é un regulamento do goberno. Este grupo vai votar en contra porque vostedes están limitando, é o regulamento do goberno que é quen o vai a aprobar. A Corporación non o vai a aprobar, a maioría, non a corporación.

En canto a contestar ás preguntas, vostedes querían contestar por escrito a pregunta dous meses despois de facela en pleno, agora resulta que vostedes a deixan nun mes. Non quero dicir moito máis, imos a acatar o regulamento, o que pedimos e que se cumpra o regulamento e que non se interrompa cando esteamos no uso da palabra. O que lle pediría Sra. Alcaldesa, entre outras cousas, como lle dixeron a certas persoas, hágaselo ver, por que creo que ultimamente non está actuando como debería, e como dirían, outros virán que bos te farán. O que pido é que vostede dirixa o pleno como ten dirixir e que vostede non falte á verdade das interpretacións do que din os meus compañeiros e eu mesmo, e que vostede non interrompa cando non ten motivos para interromper. Xa que vostedes van a regular o funcionamento neste pleno o que lles pido é que cumpra estrictamente a súa función, que é escoitar cando estean falando os compañeiros ou os concelleiros. Este grupo vai votar en contra deste regulamento porque non é o regulamento deste grupo nin o regulamento desta Corporación.

Sra. Tourón Domínguez: En canto ao regulamento, é o regulamento da Corporación, como que non, si xa se lle atenderon na Comisión Informativa parte das súas alegacións e se lle acolleron no pleno de aprobación inicial outra parte das súas alegacións, é o regulamento da Corporación, por suposto que si. Trátase de regular o pleno, de regular o funcionamento plenario, en canto á participación cidadá eu teño o compromiso, o tiveren en cando estivemos nas eleccións, o PSOE baseaba o seu programa nun eixo fundamental que era o consello de participación cidadá, imos a levalo a cabo. Si é verdade que eu son Concelleira de participación cidadá e que a miña situación médica me limitou estes dous últimos meses, pero por suposto que si se vai traer o Consello de participación cidadá e aí se vai regular a participación veciñal en todos os eidos. Aquí non estamos limitando a participación veciñal, o pleno é o pleno, a participación veciñal ten que ser moito máis ampla que no regulamento do pleno, por iso, igual que nos comprometemos en eleccións e igual que é un compromiso que forma parte do pacto de goberno de Movemento Salceda e PSOE, o Consello de participación cidadá o imos a traer, por suposto. En canto as preguntas que se contesten por escrito si se van a contestar en dous meses, me gustaría que

leras as coletillas do regulamento non so a primeira frase, porque o ROF xa di que as preguntas presentadas por escrito con 24 horas de antelación temos obriga de contestalas no pleno, que por certo é o que facía o PSOE na oposición no último ano para que se nos contestaran no propio pleno. En canto a que o regulamento limita, e que querer regular é querer limitar, escoitar iso doutros partidos igual o podería acatar e pensar pois mira vai na súa liña, pero que o PP diga que non hai que regular as cousas...

Santiago Rodríguez: Non é o regulamento da Corporación. Que aceptaron vostedes deste grupo, baixar de dous meses a un mes, o importante o aceptaron? A participación deste grupo maioritario no propio pleno a aceptaron? Estamos falando de Salceda de Caselas, neste pleno se acorda o que lle afectan aos salcedendes e a todos os veciños e ao territorio. O que quero é que vostedes que dicían unha cousa non fagan a contraria, que é o que están facendo no día de hoxe votando o que van a votar, aqueles que dicían que lles estaban limitando a súa participación política na vida municipal.

Estamos no mandato 2019-2023 e vostedes son o goberno, son os que están aprobando este regulamento e polo tanto eu me refiro á actualidade, e ao que vai a suceder de aquí ao fin do mandato é a imposibilidade de facer as preguntas que consideremos, os rogos que consideremos e as mocións que consideremos, todo aquilo do que vostedes facían e pedían ao goberno anterior e resulta que agora son os valedores de todo aquilo que exercía o goberno en minoría, de todo aquilo que sufrimos no último mandato neste pleno municipal. Por primeira vez en 40 anos, con dous gobernos ao fronte da corporación municipal. Aquí houbo debates longos e tendidos e aquí houbo ex concelleiros que falaban o que quixeron. O que quero dicir e que ao longo destes 40 anos aquí se debateu o que se considerou oportuno en cada momento, van pasar vostedes a historia por ser o primeiro goberno en limitar as funcións no pleno dos membros e dos grupos que conforman a corporación, pero como dí o outro, vostedes gobernan, vostedes aproban e nós acatamos, e logo non teñen dereito a pataleta no futuro. Remato como empecei, non é o regulamento da corporación é un regulamento do goberno porque é quen vai a aprobar este regulamento, este grupo maioritario vai a votar en contra desta limitación das nosas posibilidades de participar nas funcións do pleno. Remato coa participación veciñal, nós pedimos un prazo de ampliación de 15 días e notificar aos colectivos e non o atenderon, nós pedimos que se empezara o inicio do regulamento de participación veciñal, non nos consta, esas son peticións concretas que vostedes nin atenderon, a ampliación do prazo nin nos consta que vostedes empezaran a regulación dese regulamento de participación veciñal, que o queiran facer no futuro non o poño en dúbida pero agora non nos consta e o máis importante, non atenderon á petición de ampliar o prazo de exposición pública nin de notificar aos colectivos de veciñais deste Concello para que tiveran coñecemento do mesmo.

Sr. Rodríguez Canosa: Dicirche Santi, que a Alcaldesa, a miña compañeira Loli Castiñeira é quen preside o pleno e é quen fai as chamadas á orde, deberías

respectala un pouco máis, aínda que non che parece ben pero funciona así. Dis que non vai ser un regulamento da Corporación porque ides a votar en contra, se votades en contra é porque queredes, se vos aceptan algunhas aportacións vosas e votades en contra igual. Dirciros que tedes sete preguntas para cada pleno, seis rogos para cada pleno e tedes tres mocións por pleno, cantas mocións presentastes dende as eleccións de maio? Unha, polo tanto tedes tres mocións por cada pleno xa tivestes dous plenos ordinarios e so presentastes unha moción, se queredes traballar por Salceda traballade, pero non pidades máis participación cando non facedes uso dela.

Sra. Tourón Domínguez: Polo que respecta ao grupo PSOE estamos nesta planta, no despacho do fondo, temos a porta aberta os cinco días da semana para que preguntedes o que queirades, si non vos chegan as sete preguntas do pleno e podeades facelas públicas e podeades levar o móbil e gravalas que non hai problema algún. Con respecto ao Regulamento do consello de participación cidadá espero e desexo que se respecte, a concelleira de participación cidadá son eu, e levo dous meses e sete días de baixa, non vou dar máis explicacións pero si pediría que se respectase, de que deixedes de insistir en que si non se ampliou o prazo, si se comezou ou no o regulamento non o sabedes e pido respecto que acabo de incorporarme.

Sra. Presidenta: Regular non é limitar, logo de 44 anos de diferentes cores políticas traemos a este pleno un ROM, vos guste ou no tamén é voso, non en vano se aceptaron 10 emendas propostas en Comisións informativas, en sesións plenarias, polo tanto sodes partícipes deste regulamento. Todas as preguntas formuladas en sesión plenaria, todas, absolutamente todas foron respondidas en sesión plenaria. Este goberno está capacitado para dar respostas a cada unha das vosas preguntas, e por último, se queredes facer ben o voso traballo de fiscalización existen diferentes fórmulas e canais coma o rexistro, escritos por rexistro, mocións, preguntas, rogos, multitude de canais para que poidades facer a vosa labor de fiscalización. Paso a ler a proposta:

“O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en sesión ordinaria celebrada o día o 30.08.2019, acordou aprobar inicialmente o Regulamento Orgánico Municipal. Transcorrido o período de información pública procede neste intre a resolución das alegacións presentadas e a aprobación definitiva do Regulamento para a súa posterior publicación e entrada en vigor.

Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma por Santiago Rodríguez Davila, coma portavoz do grupo municipal do Partido Popular, en data 17.10.2019, con núm. de rexistro 2019-E-RE-145 e Xosé Manuel Suárez Estévez, en data 21.10.2019, con núm. de rexistro 1029-E-RC-4915.

Visto o informe de secretaría núm. 2019-0023 e núm. 2019-0025 que analiza xuridicamente o contido das alegacións presentadas

Visto que as alegacións presentadas polo grupo municipal do PP xa foron presentadas como emenda e debatidas na sesión plenaria celebrada o 30.08.2019.

Por todo o exposto, PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: *Desestimar as seguintes alegacións:*

1.- Alegacións de Santiago Rodríguez Davila, coma portavoz do grupo municipal do Partido Popular, en data 17.10.2019, con núm. de rexistro 2019-E-RE-1452.

- Artigo 33.2 parágrafo 1º, alegación referida á fixación dunha hora preestablecida para as sesións extraordinarias.

Proceder a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2019-0023

- Artigo 43. 6: Solicítase que se incremente o número de rogos que poderán formular os grupos municipais con máis de catro membros, pasando de seis a dez rogos.

Sendo unha alegación carente de contido xurídico, procede a súa desestimación a criterio do equipo de goberno polos motivos expostos na sesión plenaria celebrada o 30.08.2019 no que presentou esta mesma alegación en forma de emenda.

- Artigo 43.7: Solicítase se estableza un prazo de 15 días para a contestación das preguntas que se formulen no pleno municipal e non o prazo dun mes.

Sendo unha alegación carente de contido xurídico, procede a súa desestimación a criterio do equipo de goberno polos motivos expostos na sesión plenaria celebrada o 30.08.2019 no que presentou esta mesma alegación en forma de emenda.

2.- Alegacións de Xosé Manuel Suárez Estévez, en data 21.10.2019, con núm. de rexistro 1029-E-RC-4915.

- Artigo 35.4 parágrafo 21: a alegación baséase na infracción do artigo 253 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia e o artigo 228 do ROF, na medida en que limita a formulación de rogos e preguntas por parte do público asistente ao pleno aos temas tratados na sesión plenaria.

Proceder a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2019-0023.

- Artigo 35.4 parágrafo 3º: a alegación pide a eliminación deste parágrafo, referido a creación do Consello de Participación Veciñal a través do seu correspondente regulamento, por entender que non ten obxecto.

Proceder a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2019-0023.

SEGUNDOO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Regulamento Orgánico Municipal, unha vez resoltas as reclamacións presentadas.

TERCEIRO. Publicar devandito Acordo definitivo co texto íntegro do Regulamento Orgánico Municipal no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestimar as seguintes alegacións:

1.- Alegacións de Santiago Rodríguez Davila, coma portavoz do grupo municipal do Partido Popular, en data 17.10.2019, con núm. de rexistro 2019-E-RE-1452.

- Artigo 33.2 parágrafo 1º, alegación referida á fixación dunha hora preestablecida para as sesións extraordinarias.

Proceder a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2019-0023

- Artigo 43. 6: Solicítase que se incremente o número de rogos que poderán formular os grupos municipais con máis de catro membros, pasando de seis a dez rogos.

Sendo unha alegación carente de contido xurídico, procede a súa desestimación a criterio do equipo de goberno polos motivos expostos na sesión plenaria celebrada o 30.08.2019 no que presentou esta mesma alegación en forma de emenda.

- Artigo 43.7: Solicítase se estableza un prazo de 15 días para a contestación das

preguntas que se formulen no pleno municipal e non o prazo dun mes.

Sendo unha alegación carente de contido xurídico, procede a súa desestimación a criterio do equipo de goberno polos motivos expostos na sesión plenaria celebrada o 30.08.2019 no que presentou esta mesma alegación en forma de emenda.

2.- Alegacións de Xosé Manuel Suárez Estévez, en data 21.10.2019, con núm. de rexistro 1029-E-RC-4915.

- Artigo 35.4 parágrafo 21: a alegación baséase na infracción do artigo 253 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia e o artigo 228 do ROF, na medida en que limita a formulación de rogos e preguntas por parte do público asistente ao pleno aos temas tratados na sesión plenaria.

Proceder a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2019-0023.

- Artigo 35.4 parágrafo 3º: a alegación pide a eliminación deste parágrafo, referido a creación do Consello de Participación Veciñal a través do seu correspondente regulamento, por entender que non ten obxecto.

Proceder a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2019-0023.

SEGUNDO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Regulamento Orgánico Municipal, unha vez resoltas as reclamacións presentadas.

TERCEIRO. Publicar devandito Acordo definitivo co texto íntegro do Regulamento Orgánico Municipal no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

Expediente 1926/2019. Aprobación definitiva do Regulamento de honores e distincións.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0,

Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Igual que o ROM, este Regulamento xa pasou por sesión ordinaria deste pleno celebrada o 30 de agosto onde se aprobou inicialmente cos votos a favor de MS e do PSOE, posteriormente publicouse no BOPPO onde pasou o prazo de información pública de 30 días hábiles, presentáronse alegacións durante este período por parte de Manuel Suárez Estévez e estas alegacións foron incorporadas ao expediente, dou lectura as alegacións: a primeira, referida a honras e distincións honoríficas, engadiuse o artigo 5 neste regulamento no que fala da vara municipal, das medallas corporativas e do escudo heráldico municipal. Tamén inclúense no punto 1 *“que para a denominación de espazos públicos terase en conta a toponimia tradicional co obxecto do seu mantemento como referencia de usos do territorio e valorización do idioma galego”*. Corríxense algúns defectos de forma, cumpriuse a petición do PP en comisión Informativa de incluír o informe de secretaría, e agora procédese a aprobación definitiva.

Sra. Pérez Cabaleiro: Bos días, como xa dixemos no pleno do pasado 30 de agosto e nas comisións o noso grupo vaise a abster, xa comentamos todo nese pleno e nesas comisións así que creo que xa está todo dito pola nosa parte.

Sra. Tourón Domínguez: Pola parte do PSOE imos a apoiar o Regulamento tal como ven e agradecer a Xosé Manuel Suárez que presentase estas alegacións que recollemos. O noso voto vai ser a favor.

Sra. Presidenta: Agradecer a Xosé Manuel Suárez as aportacións que creemos que si que enriquecen este documento, como xa dixo Álex foron todas tidas en conta, unhas de menor importancia coma os defectos de forma que se recollían na nosa proposta de texto, máis as introducións tanto as de incorporar os emblemas ou símbolos deste concello como a vara, medallas ou escudo e por respectar a toponimia e o noso idioma oficial o galego para respectar eses espazos que denominaremos nun futuro, novos espazos de recente creación que temos pensado establecerlle nome, respectar a toponimia e sobre todo a lingua galega, dou lectura a proposta de alcadía:

“O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día o 30.08.2019, acordou aprobar inicialmente Regulamento de honores e distincións do Concello de Salceda de Caselas. Transcorrido o período de información pública procede neste intre a resolución das alegacións presentadas e a aprobación definitiva do Regulamento para a súa posterior publicación e entrada en vigor.

Vistas a alegación presentadas en tempo e forma por Xosé Manuel Suárez Estévez, en data 22.102019, con núm. de rexistro 1029-E-RC-4941.

Visto o informe de secretaría núm. 2019-0024 de 06.11.2019.

Por todo o exposto, PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar as alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez, en data 22.102019, nos seguintes termos:

- Creación, dentro do capítulo II de dúas seccións “Sección 1ª. Honras e distincións á Corporación” formada polo artigo 5 e “Sección 2ª. Honras e distincións que outorga a Corporación” coa nova numeración dos artigos correlativamente.

Quedando o Capítulo II coa seguinte redacción:

“Sección 1ª. Honras e distincións á Corporación”

Artigo 5. O Concello de Salceda de Caselas constitúe como honras e distincións á Corporación e ao Municipio:

5.1. A Vara municipal, que como símbolo de autoridade ostenta a Alcaldía, dende o acto de toma de posesión do cargo, transmitida por quen viña desenvolvendo a función.

5.2. Al Medallas corporativas, que se atribúen no acto de toma de posesión ao cargo de concelleira/o e se usan, polos cargos edilicios durante o exercicio e duración do seu mandato, en actos nos que a Corporación exerza como órgano público de poder municipal.

5.3. O Escudo heráldico municipal, coa organización heráldica que foi autorizada polo Real Decreto 2562/1977, de 19 de setembro e conforme co Ditame da Real Academia da Historia.”

- Realizar unha engádegas ao artigo 21.1 párrafo primeiro, quedando redactado da seguinte forma:

“1. Poderá outorgarse a espazos públicos, rúas, edificios, parques, salas de edificios públicos e monumentos o nome de persoas e entidades que, a xuízo da Corporación reúnan méritos suficientes, ben sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor de Salceda de Caselas ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural e artístico, deportivo, social, etc... Así mesmo, tendo en conta a toponimia tradicional, co co bjecto do seu mantemento como referencia de usos do territorio e valorización do idioma galego, nomearanse co nome tradicional, esté en uso ou se manteña en recordo, co que se identificara por uso ou costume o lugar ou paraxe ao que se lle vaia a outorgar denominación

Terase en conta na dedicación de rúas e edificios públicos a prohibición establecida no

artigo 2.2.”

SEGUNDO. Aprobar con carácter definitivo, a redacción final do texto do Regulamento de honores e distincións.

TERCEIRO. Publicar devandito acordo definitivo co texto íntegro do Regulamento de honores e distincións no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estimar as alegacións presentadas por Xosé Manuel Suárez Estévez, en data 22.102019, nos seguintes termos:

- Creación, dentro do capítulo II de dúas seccións “Sección 1ª. Honras e distincións á Corporación” formada polo artigo 5 e “Sección 2ª. Honras e distincións que outorga a Corporación” coa nova numeración dos artigos correlativamente.

Quedando o Capítulo II coa seguinte redacción:

“Sección 1ª. Honras e distincións á Corporación”

Artigo 5. O Concello de Salceda de Caselas constitúe como honras e distincións á Corporación e ao Municipio:

5.1. A Vara municipal, que como símbolo de autoridade ostenta a Alcaldía, dende o acto de toma de posesión do cargo, transmitida por quen viña desenvolvendo a función.

5.2. Al Medallas corporativas, que se atribúen no acto de toma de posesión ao cargo de concelleira/o e se usan, polos cargos edilicios durante o exercicio e duración do seu mandato, en actos nos que a Corporación exerza como órgano público de poder municipal.

5.3. O Escudo heráldico municipal, coa organización heráldica que foi autorizada polo

Real Decreto 2562/1977, de 19 de setembro e conforme co Ditame da Real Academia da Historia.”

- Realizar unha engádegas ao artigo 21.1 párrafo primeiro, quedando redactado da seguinte forma:

“1. Poderá outorgarse a espazos públicos, rúas, edificios, parques, salas de edificios públicos e monumentos o nome de persoas e entidades que, a xuízo da Corporación reúnan méritos suficientes, ben sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor de Salceda de Caselas ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural e artístico, deportivo, social, etc... Así mesmo, tendo en conta a toponimia tradicional, co obxecto do seu mantemento como referencia de usos do territorio e valorización do idioma galego, nomearanse co nome tradicional, esté en uso ou se manteña en recordo, co que se identificara por uso ou costume o lugar ou paraxe ao que se lle vaia a outorgar denominación

Terase en conta na dedicación de rúas e edificios públicos a prohibición establecida no artigo 2.2.”

SEGUNDO. Aprobar con carácter definitivo, a redacción final do texto do Regulamento de honores e distincións.

TERCEIRO. Publicar devandito acordo definitivo co texto íntegro do Regulamento de honores e distincións no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE